

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36024161	CRA de Valga	Valga	2025/2026

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	3
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	4
c.1) Tempo de lectura e práctica da oratoria	4
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	4
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	5
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	5
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	5
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	5
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	5
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	6
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	6
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	6
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	6
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	6
o) Outros apartados	6

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.

Preténdese facer unha introspección para que on alumnado coñeza o corpo e fomenta actitudes de respecto e aceptación das diferenzas individuais.

b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.

Utilizando a contorna próxima como medio de aprendizaxe, pretendemos fomentar a significatividade do aprendido.

c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.

O traballo de rutinas prima nesta etapa co fin de favorecer a adquisición dunha progresiva autonomía na realización de actividades cotiás.

d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.

Fomentaremos no alumnado actitudes de respecto e empatía que favorezan a identificación e expresión das emocións nun clima de respecto, empatía e confianza.

g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.

A través do xogo e da manipulación aportaremos ao alumnado múltiples experiencias que servirán de andamiage para futuras aprendizaxes.

h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.

Traballaremos actitudes de respecto, aceptación e valoración da diversidade cultural e familiar eludindo os estereotipos e creando un clima no que impere o respecto e a aceptación das diferenzas.

i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Coñecer o patrimonio cultural material e inmaterial da nosa comunidade autónoma e da contorna promovendo o sentimento de pertenza a un grupo poñendo en valor a contorna rural e o tecido asociativo que a rodea. Co proxecto "De Feira en Feira", centrarémonos no descubrimento da contorna próxima e non tan próxima, por medio de "festas" e descubrindo a gastronomía, tradición, cultura... nosa.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

Para desenvolver as competencias traballarase, sobre todo por proxectos, resolvendo problemas e situacións de aprendizaxe significativas e funcionais dende a metodoloxía de proxectos trátase de achegar a escola á vida diaria, empregando un enfoque globalizador, partindo dos intereses, necesidades e inxerencias dos nenos/as, das súas experiencias e coñecementos previos. Dende a perspectiva didáctica, o proxecto articúlase como un itinerario formativo, planificado en situacións de ensino nas que se poñen en práctica as diferentes competencias clave.

O aspecto central do enfoque por competencias non é a acumulación de coñecementos, senón o desenvolvemento das posibilidades que posúe calquera individuo mediante fórmulas de saber e de facer contextualizadas.

a) COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL): Potenciaranse diferentes intercambios comunicativos respectuosos entre o grupo de iguais así coma cos adultos para a expresión das súas ideas, sentimentos, emocións, regular as súas accións... Ofrecerase dende o centro un clima no que se invite a escribir, ler, conversar...

b) COMPETENCIA PLURILINGÜE (CP): Poñerase ao alumnado en contacto coas diferentes linguas da contorna así como coa lingua estranxeira, enriquecendo así o seu repertorio lingüístico e traballando así a valoración e respecto pola pluralidade lingüística.

c) STEM. COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIA EN CIENCIA, TECNOLOXÍA E ENXEÑERÍA (STEM): o alumnado iniciarase nas destrezas lóxico matemáticas e terán o seu primeiro contacto cara ao pensamento científico a través do xogo, a experimentación, manipulación, realización de pequenos experimentos... invitando ao alumnado a observar, cuantificar, construír, plantexarse preguntas, comprobar resultados... sobre diferentes problemas da vida cotiá.

d) COMPETENCIA DIXITAL (CD): Iniciaremos o proceso de alfabetización dixital, manipulando e coñecendo diferentes ferramentas dixitais facendo un uso saudable e responsable das mesmas e valorandoas como fonte de coñecemento, información e gozo.

e) COMPETENCIA PERSOAL, SOCIAL E DE APRENDER A APRENDER (CPSAA): Nesta etapa profundizaremos no recoñecemento e expresión dos propios sentimentos e emocións, así como das demais persoas, fomentando actitudes de respecto e comprensión. Ademais o alumnado entra en contacto cun novo contexto diferente ao familiar, polo que irá adquirindo progresivamente recursos e estratexias que lle aporten cada vez unha maior autonomía, que

Ile axuden a establecer relacións cos iguais nun clima de respecto, a través do diálogo...

f) **COMPETENCIA CIDADÁ (CC):** Fomentaranse no alumnado actitudes de respecto, equidade, igualdade, inclusión e convivencia e ofreceránselle pautas para a resolución pacífica de conflitos. Ademais, coñeceremos diferentes aspectos propios da nosa contorna: a propia identidade, diversidade familiar, tradicións culturais... Fomentárase a adquisición de hábitos saudables e responsables no coidado do medio, dos animais...

g) **COMPETENCIA EMPREENDEDORA (CE):** Estimularase a curiosidade, a iniciativa, a imaxinación... a través do xogo e diferentes actividades e proxectos que favorezan a súa autonomía e o desenvolvemento dun pensamento crítico e creativo.

h) **COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAIS (CCEC):** O alumnado construírá a súa identidade a través de diferentes linguaxes e formas de expresión. Ademais desenvolverase a conciencia cultural e o sentimento de pertenza a un grupo, poñéndoo en contacto con diversas manifestacións artísticas e culturais da contorna.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Tivéronse en conta os seguintes criterios:

- Desenvolvemento afectivo e xestión emocional.
- Movemento e hábitos de control corporal.
- Manifestacións da comunicación e linguaxe. Linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Pautas elementais de convivencia e relacións sociais.
- Descubrimento da contorna, dos seres vivos e das características físicas e sociais do medio en que viven.
- Consumo responsable.
- Hábitos saudables.
- Autonomía persoal.
- Elaborar unha imaxe de sí mesmo/a positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos discriminatorios.
- A diversidade familiar.

c.1) Tempo de lectura e práctica da oratoria

Criterios de organización e decisións para cada etapa educativa e/ou cursos e/ou áreas/materias/ámbitos

Estratexias para a organización, coordinación e mediación do "Tempo de lectura"

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

Teremos en conta os seguintes aspectos metodolóxicos que caracterizan a práctica docente no noso centro:

- **Innovación educativa:** emprego de metodoloxías vivas e activas onde o alumnado é protagonista da súa propia aprendizaxe. Aplicación das TRIC fomentando aprendizaxes STEAM. Profesorado en continua formación (PFPP) e participación en proxectos e programas da Consellería (Plan Proxecta +, MEGA, Erasmus +, PLAMBE, Plurinfantil...)
- **Unidade e sentimento de pertenza ao CRA:** coordinación de todos os profesionais que forman parte do centro educativo. Metodoloxía baseada en proxectos de aprendizaxe ou centros de interese compartidos en todas as escolas e planificados de forma coordinada.
- **Atención á diversidade do alumnado:** atención individualizada, personalizada e respectuosa, adaptada ás características e necesidades de cada nena e de cada neno. Promovendo o enfoque DUA.
- **Supresión de barreiras arquitectónicas e de acceso ao currículo.** Tutoría entre iguais como unha gran vantaxe dos

agrupamentos mixtos (3-6 anos) en todas as escolas.

- Apertura á contorna: colaboración e implicación de toda a Comunidade Educativa (familias e ANPA Pequeval, veciñanza, Concello, colexios adscritos, Escola Infantil Municipal, gabinetes psicopedagóxicos e logopédicos, entidades, asociacións...) facéndoa partícipe de todas as experiencias que teñen lugar tanto dentro coma fóra das escolas. Creación dun ambiente familiar grazas ao intercambio de información diario, implicación directa na vida da aula e do centro, difusión de todas as actividades mediante as diferentes canles de comunicación...

- Espazos privilexiados: potenciación da educación ao aire libre aproveitando os espazos exteriores como lugares de encontro coa natureza. Patios vivos, activos, naturais e inclusivos.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Pretendemos utilizar o seguinte material:

- Ferramentas tecnolóxicas: Panel digital interactivo, tablet de aula, ordenador, robot, conexión a internet...
- Material funxible: ceras, tesoiras, cartolinas, pegamentos, ...
- Material non estruturado de refugallo, materiais naturais, pezas soltas...
- Material sensorial: mesa de luz, mesa de experimentación, luz negra, bandexas sensoriais, material para transvasar...
- Biblioteca de aula e de centro.
- Material de psicomotricidade: pelotas, aros, bicis, cordas, balóns, escadas de equilibrio...
- Material curricular: currículo, documentos de centro (PE, PXA, NOF, Plan de Acolida...).
- Comunidade educativa: alumnado, persoal docente e non docente, familias,... e calqueira persoa que interveña na vida do centro (visitas, etc).
- Contorna próxima ao centro: aldea, montes, parques, Concello, auditorio...

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

RELIXIÓN CATÓLICA/ALTERNATIVA Á RELIXIÓN en función da selección das familias.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

As actividades complementarias son elixidas en claustro e consello escolar anualmente e relacionaranse co proxecto anual elixido, adaptados aos intereses e inquiredanzas dos nenos e a idade dos mesmos.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

O profesorado, en colaboración co Departamento de Orientación do centro, adaptará o currículo ás necesidades do alumnado co fin de reforzar e incidir naqueles ámbitos prioritarios para o seu desenvolvemento integral.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Os plans específicos de reforzo para o alumnado que flexibilice serán deseñados polo departamento de orientación e o Profesorado que imparta docencia a dito alumnado. Contarán co visto e prace da Inspección educativa.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Levaremos a cabo a avaliación a través de táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado polo equipo docente e que se cubrirán ao remate de cada curso escolar. Para a promoción á etapa de Educación Primaria o alumnado terá que ter adquiridos ao remate da etapa de infantil os obxectivos establecidos no currículo para a mesma.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Este apartado non ten cabida nesta etapa educativa.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

A PXA e as programacións serán de libre acceso para a comunidade educativa co fin de garantir a transparencia e dar a coñecer as liñas de traballo do centro para o presente ano académico. Ditados documentos serán elaborados polo profesorado ao comezo de cada curso académico adaptándose ás circunstancias do contexto do centro así como ás características do mesmo e do alumnado ao que vai dirixido.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

O centro elixe en claustro e consello escolar os programas que mellor encaixan co desenvolvemento do PE de centro e co proxecto anual electo. No presente curso decantámonos por PFPP, Programas Educativos, Plan Proxecta+, PLAMBE, VOZ NATURA; INNOVA - LAB, PIE.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens desde a coordinación de ciclo de infantil mensualmente e ao remate de cada un dos trimestres do curso.

o) Outros apartados

1. Non existen outros apartados.

Non hai outros apartados.